



BOLETÍN AURORA

♦ FEBREIRO DE 2026

O PATRONATO DE PROTECCIÓN DE LA MUJER, UNHA FERRAMENTA REPRESIVA CONTRA NENAS E MULLERES

O Patronato de Protección a la Mujer e a súa Junta Provincial coruñesa, facían parte da estrutura franquista de represión contra a muller.. O Patronato funcionou legalmente entre 1941 e 1985. Dende hai pouco, temos a ocasión de achegarmonos á realidade ocultada deste organismo, da man de historiadoras e vítimas como Consuelo García del Cid Guerra, Belén López Cillero, Montse Fajardo entre outras. Todas teñen dedicado moitos anos á procura de información en numerosos arquivos por todo o estado español, a pesar das numerosas trabas, co obxectivo de destapar o inferno de maltratos e opresión brutal que sufriron milleiros de nenas e mulleres durante o seu internamento.

Os centros seguiron actuando ata o ano 1993, 18 anos despois da morte do ditador. Na provincia coruñesa, o Patronato contaba con cinco centros correccionais. Un deses centros de opresión estaba localizado no barrio do Agra do Orzán.

Era o Colexio e Residencia das relixiosas Adoratrices, no cruce da rúa de Gregorio Hernández coa rúa de Gil Vicente, fonte á Cidade Xardín.

O vindeiro 5 de marzo, lembramos ás nenas e mulleres vítimas do Patronato para que non fiquen na impunidade e no esquecemento todo o dano que lles fixeron.



Contacta, comparte e difunde:

Enderezo:

Casa Sindical da CGT da Coruña
Entrepeñas, nº6, baixo
15010 A Coruña

Páxina web:

memorialibertarianagaliza.org/

Correo electrónico:

ateneoaurora@gmail.com

Facebook:

[/ateneo.aurora](https://www.facebook.com/ateneo.aurora)

X (twitter):

[@AteneoAurora](https://twitter.com/AteneoAurora)

Instagram:

[@ateneoaurora](https://www.instagram.com/ateneoaurora)

PATRONATO DE PROTECCIÓN A LA MUJER: FERRAMENTA DE REPRESIÓN

MESA REDONDA
CON LOLI G. BENITO, PACA BLANCO
DÍAZ, CONSUELO GARCÍA DEL CID E
BELÉN LÓPEZ CILLERO

5 DE MARZO DE 2026 19:30 H.
CASA SINDICAL DA CGT DA CORUÑA
ENTREPEÑAS, 6

ÁS 19:00, ACTO DE LEMBRANZA DAS VÍTIMAS DO PATRONATO DIANTE DO SOLAR DO VELLO CONVENTO DAS ADORATRICES
RÚA DE GREGORIO HERNÁNDEZ CRUCE CON RÚA GIL VICENTE

EN LEMBRANZA DAS
NENAS E MULLERES
VÍTIMAS DO
PATRONATO DE PROTECCIÓN
A LA MUJER (1941-1984)



ACTIVIDADES - Xaneiro e Febreiro de 2026

28 de Xaneiro 2026

Presentación da base de datos da CRMH da Coruña

Asistimos á presentación pola CRMH da Coruña da nova base de datos de consulta sobre represores e represaliados durante a guerra civil e a ditadura franquista có título "*Mulleres, homes e homiños*", por parte do autor, Luis Sánchez Rodríguez, e o deseñador da web Anxo Sánchez:

represion.memoriadacoruna.gal/



6 de Febreiro 2026

CINEFORUM AURORA “Dentro da revolución”

O compañeiro José P. del Río presentou a proxección do filme documental “Dentro da revolución” (Inside the revolution) que abriu o ciclo Cine e Movemento Obreiro no Cineforum AURORA..

No documental de David Hart explóranse os logros e dificultades da construción revolucionaria nas zonas nas que o pobo logrou facer fracasar a sublevación fascista de 1936.



Febreiro 2026



Visita do historiador Carlos Pereira

Recibimos na Biblioteca e Arquivo obreiro AURORA a visita do historiador Carlos Pereira Martínez, que fixo entrega dunha xenerosa doazóns de exemplares das súas obras de investigación sobre a historia do movemento obreiro.

A obra de Carlos Pereira é fundamental para coñecermos a historia das loitas populares e os procesos de organización dos traballadores e traballadoras, e mailas reivindicacións obreiras que construíron o movemento obreiro ata o golpe de 1936, e a brutal represión que sufriu tras el.



PRÓXIMAS ACTIVIDADES - Marzo de 2026

5 de Marzo de 2026

Non esquecemos o *Patronato de protección a la mujer*

Acto en lembranza das vítimas do Patronato de protección a la mujer” no lugar que ocupou un dos seus centros na Coruña, e mesa redonda no Salón de Actos da Casa Sindical da CGT con presenza de mulleres vítimas e investigadoras.



PATRONATO DE PROTECCIÓN A LA MUJER: FERRAMENTA DE REPRESIÓN

MESA REDONDA
CON LOLI G. BENITO, PAÇA BLANCO DÍAZ, CONSUELO GARCÍA DEL CID E BELÉN LÓPEZ CILLERO

5 DE MARZO DE 2026 19:30 H.
CASA SINDICAL DA CGT DA CORUÑA
ENTREPEÑAS, 6

 

ÁS 19:00. ACTO DE LEMBRANZA DAS VÍTIMAS DO PATRONATO DIANTE DO SOLAR DO VELLO CONVENTO DAS ADORATRICES
RÚA DE GREGORIO HERNÁNDEZ CRUCE CON RÚA GIL VICENTE

13 de Marzo de 2026

CINEFORUM AURORA “La sal de la tierra”

Unha nova proxección do ciclo Ciine e Movemento Obreiro, coa película de Herbert Biberman “La sal de la tierra” (Salt of the Earth) do ano 1954, seguida dunha tertulia con moitos fíos dos que tirar: conciencia de clase, racismo, feminismo...

CINEFORUM AURORA

Ciclo Cine e movemento obreiro

La sal de la tierra
Salt of the earth, Herbert Biberman 1954



13 DE MARZO DE 2026 19 H.

 CASA SINDICAL DA CGT DA CORUÑA ENTREPEÑAS, 6 

26 de Marzo de 2026

CLUB DE LECTURA AURORA “Nada”, de Carmen Laforet

Arrancamos o Club de Lectura AURORA coa lectura mensual dunha obra, con tertulia no último xoves do mes, ás 19:30 hora. Comezamos con esta novela existencialista que narra a chegada de Andrea á Barcelona de posguerra. Un retrato en primeira persoa do mundo gris e empobrecido dos primeiros anos do franquismo.

Club de lectura AURORA
Libros na veciñanza



Lectura mensual dunha obra, con tertulia no último xoves do mes, ás 19:30 horas

Marzo 26
Nada.
Carmen Laforet
Premiada novela existencialista que narra a chegada de Andrea á Barcelona de posguerra para estudar. Un retrato en primeira persoa do mundo gris e empobrecido dos primeiros anos do franquismo.

Abril 30
As regras de Bakunin.
Antón Riveiro Coello
As cartas de Camilo a Rosalía son o fio dunha historia de amor, derrota, cauda, exilio, regreso e memoria... unha viaxe ao longo do s. XX da man dunha familia galega.

Maio 28
Tea rooms: Mujeres obreras.
Luisa Carnés
Novela social, ambientada no Madrid dos anos 30 do s. XX, que abre unha fenda á realidade da muller obreira e as súas arelas de liberación.

 **Ateneo Aurora. Rúa Entrepeñas, 6. A Coruña**

BIBLIOTECA E ARQUIVO OBREIRO “AURORA”

Publicacións

Presentamos algunhas das cabeceiras de publicacións que estamos a catalogar xunto cos volumes da nosa biblioteca. Preto dun milleiro de rexistros xa forman parte da nosa base de datos grazas ao traballo militante de compañeiros e compañeras do ateneo.



polémica

La Campana

semanario de información y pensamiento anarquista



tierra y libertad



A rivista anarchica



le monde libertaire

Participa en AURORA... faite socio/a:

Queres ser socio/a do Ateneo Aurora?
Queres recibir toda a información das nosas actividades e participar activamente no Ateneo?
Queres colaborar coa organización e catalogación da Biblioteca e Arquivo Obreiro e no resto de actividades que estamos a preparar e desenvolver?
Precisamos de todas as mans e todos os corazóns!!

Formulario na web:
memorialibertarianagaliza.org



Vindeira Asamblea

Venres, **13 de marzo de 2026**, ás **17 horas**, na **Casa Sindical da CGT da Coruña**, terá lugar unha nova **Asamblea do ATENEO AURORA**,